

ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS E CULTURAIS DO ALUMNADO QUE RECIBE O I.E.S. MENDIÑO.

O presente traballo foi encomendado, pola comisión para elaboración do Proxecto Educativo (P.E.), á profesora do Departamento de Ciencias da Natureza dona. Milagros Fernández Collazo e ao responsable do Departamento de Orientación don Alexandre Bermúdez Iglesias. Na súa realización contou coa colaboración do profesor de Física e Química don Xabier Toba Girón.

Este profesorado entende que o estudo preliminar, que deseguido se expón, debe terse en conta para reflexionar sobre a extracción social do alumnado que recibe o Instituto, tanto no nivel de ensino obrigatorio como no post-obrigatorio. Produto desa reflexión, debe ser posible adaptar o desenvolvemento do currículo ás necesidades do alumnado ao que nos diriximos, dentro das marxes que a lexislación vixente permite ao centro no ámbito da súa autonomía pedagóxica. O sentido de tal reflexión é o de conseguir unha educación inclusiva, que debe indagar e ocuparse da correlación entre rendemento académico e outras variables como a clase social de pertenza do alumnado, coa finalidade de contribuír a compensar desigualdades.

Neste sentido, Elena Martí e Teresa Maure (2011)¹ afirman que a igualdade de oferta educativa é unha condición necesaria pero non suficiente para alcanzar a equidade:

*“[...] la igualdad de oferta tampoco es suficiente garantía de equidad [porque] en este momento se busca la **igualdad de resultados, entendida como ausencia de correlación entre rendimiento académico y determinadas variables como clase social, el género, la etnia o el habitat.** Dicho en otras palabras, un sistema educativo o un centro escolar habrán alcanzado un **mayor nivel de equidad cuando estas variables no predigan los niveles de rendimiento de su alumnado**”.*

Xa que logo, o presente estudo ofrece a posibilidade de realizar un análise de contexto do centro. Por outra parte, dito estudo debe ser tido en conta para realizar unha análise do contexto do centro, no referente á situación socio-económica e cultural das parroquias e lugares de procedencia do alumnado, e das súas familias,...), que oriente ao profesorado e, en xeral, á comunidade educativa, acerca das actuacións que se deberían realizar para compensar desigualdades e contribuír á inclusión do alumnado desfavorecido, e realizar un servizo público adecuado ás necesidades do contexto social no que está inserido o centro.

¹ Martí, Elena; Maure, Teresa (2011). *Orientación educativa. Atención a la diversidad y educación inclusiva*. Barcelona: Graó

1. TRABALLO DE CAMPO

a) Para realizar o estudo partiuse dun cuestionario elaborado polo Departamento de Orientación (xúntase no Anexo) no que se pregunta:

- Centro de procedencia do alumnado.
- Identifícase a variable de xénero.
- Nivel sociocultural das familias do alumnado medido a través de dous indicadores:
 - ✓ Profesión da nai e do pai.
 - ✓ Nivel de estudos da nai e do pai.
- Expectativas do alumnado cando remate a ESO e o Bacharelato.

b) O cuestionario foi aplicado no terceiro trimestre do curso escolar 2012/13 e foi cumprimentado por un total de 292 alumnos e alumnas (139 alumnas e 153 alumnos) de ESO e Bacharelato.

c) No indicador de profesións da nai/pai establecéronse as seguintes categorías:



- **Categoría I:** Parado/a
- **Categoría II:** Traballa na casa.
- **Categoría III:** Traballos que precisan cualificación básica (mariñeiro, mariscadoras/es, dependentes/as de comercio, empregados/as de fabricas, ...)
- **Categoría IV:** Traballos con cualificación profesional media (titulacións de FP1 e FP2, aux. de enfermería, aux. administrativos/as, técnicos/as de nivel intermedio, ...)
- **Categoría V:** Traballos que esixen diplomatura (peritaxe, enfermería, mestres/as, ...)
- **Categoría VI:** Traballos que esixen titulación superior. (avogado/a, economista, prof. de secundaria, ...)

d) No indicador de estudos da nai/pai establecéronse as seguintes categorías:


- **Categoría I:** Sen estudos
- **Categoría II:** Estudos primarios
- **Categoría III:** Graduado escolar, F.P. 1.
- **Categoría IV:** Estudos secundarios ESO, ou Ciclo de Grao Medio de F.P.
- **Categoría V:** Estudos de Bacharelato, F.P.2, Ciclo Superior de F.P.
- **Categoría VI:** Estudos Universitarios de Diplomatura.
- **Categoría VII:** Licenciatura Universitaria.

2. RESULTADOS OBTIDOS.

2.1. Centro de procedencia do alumnado do I.E.S Mendiño. Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).



2.1.2. Bacharelato.



2.3. Análise de datos

Dos datos achegados neste epígrafe, procedencia do alumnado, subliñamos os seguintes:

- ✓ O 87% do alumnado que realiza estudos de ESO no IES Mendiño procede dos colexios adscritos ao Instituto. Só un 13% do alumnado que cursa ESO procede doutros centros de ensino.
- ✓ O 45,28% do alumnado que cursa Bacharelato procede do propio IES Mendiño. O 28,30% do alumnado de Bacharelato procede do IES Illa de San Simón. É dicir, case as tres cuartas partes do alumnado de Bacharelato do IES Mendiño procede de dous centros educativos. Aproximadamente, o 25% procede doutros centros educativos.

3. MOSTRAXE DO ALUMNADO.

3.1. O alumnado de **1º de ESO** que cumprimentou o cuestionario foi un total de 63 alumnas e alumnos (32 mulleres e 31 varóns).

3.2. Alumnado de **2º de ESO** que cumprimentou o cuestionario foi un total de 52 alumnas e alumnos (23 mulleres e 29 varóns).

3.3. Alumnado de **3º de ESO** que cumprimentou o cuestionario foi un total de 44 alumnas e alumnos (17 mulleres e 27 varóns).


3.4. Alumnado de **4º de ESO** que cumprimentou o cuestionario foi un total de 33 alumnas e alumnos (18 mulleres e 15 varóns).

3.5. Alumnado de **1º de Bacharelato** que cumprimentou o cuestionario foi un total de 54 alumnas e alumnos (28 mulleres e 26 varóns).

3.6. Alumnado de **2º de Bacharelato** que cumprimentou o cuestionario foi un total de 46 alumnas e alumnos (25 mulleres e 21 varóns).

4. NIVEL SOCIOCULTURAL DAS FAMILIAS DO ALUMNADO

4.1. Profesións dos pais



Categoría I: Parado.

Categoría II: Empregado/a sen cualificación (marifeiro, mariscadora, dependentes de comercio, empregados de fabricas, ...)

Categoría III: Traballos con cualificación profesional. (titulacións de FP1 e FP2, aux. de enfermería, aux. administrativos, técnicos de nivel intermedio, ...)

Categoría IV: Sen explicitar (sen datos).


Categoría V: Traballos de diplomatura (peritaxe, mestres, ...)

Categoría VI: Traballos de titulación superior. (avogado, economista, prof. de secundaria, ...)

4.1.1. Resultados obtidos sobre as profesións dos pais.

- O 79% dos pais do alumnado é de traballadores cun baixo nivel de cualificación.
- Un 5% non identifica a profesión do seu pai, dando unha resposta que corresponde coa situación laboral actual (parado). Dita categoría non se preguntaba no cuestionario.
- Un 9% non explicita a profesión do seu pai (sen datos).
- Un 2% indica unha categoría non solicitada no cuestionario (pensionista).
- Traballador cun nivel de cualificación de diplomatura 0,35%.
- Traballador cun nivel de cualificación superior 1%.

4.2. Profesións das nais.



Categoría I: Parada

Categoría II: Traballa na casa.

Categoría III: Empregada sen cualificación (marifeira, mariscadoras, dependentas de comercio, empregadas de fabricas, ...).

Categoría IV: Sen explicitar (sen datos).

Categoría V: Traballos con cualificación profesional. (titulacións de FP1 e FP2, aux. de enfermería, aux. administrativos/as, técnicos/as de nivel intermedio, ...)



Categoría VI: Traballos de diplomatura (peritaxe, mestres/as, ...)

Categoría VII: Traballos de titulación superior. (avogado/a, economista, prof. de secundaria, ...)

4.2.1. Resultados obtidos sobre as profesións das nais..



- a) O 55% das nais do alumnado é de traballadoras cun baixo nivel de cualificación.
- b) O 18% das nais é de traballadoras no seu propio fogar..
- c) Un 8% non identifica a profesión da súa nai, dando unha resposta que corresponde coa situación laboral actual (parada). Dita categoría non figuraba no cuestionario.
- d) Un 9% non explicita a profesión da súa nai (sen datos).
- e) Un 0,34% indica unha categoría non solicitada no cuestionario (pensionista).
- f) Traballadora cun nivel de cualificación de diplomatura 7,53%.
- g) Traballadora cun nivel de cualificación superior 2,4%.

4.4. Estudos Realizados polos pais.



- Categoría I:** Sen estudos.
- Categoría II:** Estudos primarios (ata os 10 – 12 anos).
- Categoría III:** Graduado escolar, F.P. 1 ou ata os 14 anos.
- Categoría IV:** Estudos secundarios ESO, ou Ciclo de Grao Medio de F.P.
- Categoría V:** Estudos de Bacharelato, F.P.2, Ciclo Superior de F.P.
- Categoría VI:** Estudos Universitarios de Diplomatura (3 anos).
- Categoría VII:** Licenciatura Universitaria.
- Categoría VIII:** Sen datos

4.4. Estudos realizados polas nais



Categoría I: Sen estudos.

Categoría II: Estudos primarios (ata os 10 – 12 anos).

Categoría III: Graduado escolar, F.P. 1 ou ata os 14 anos.

Categoría IV: Estudos secundarios ESO, ou Ciclo de Grao Medio de F.P.

Categoría V: Estudos de Bacharelato, F.P.2, Ciclo Superior de F.P.

Categoría VI: Estudos Universitarios de Diplomatura (3 anos).

Categoría VII: Licenciatura Universitaria.



Categoría VIII: Sen datos

4.4.1. Algunhas conclusións sobre o nivel de estudos das familias do alumnado do Centro.

- Un 3% das nais e un 2% no caso dos pais non remataron os estudos básicos:. Categoría I.
- Unha porcentaxe do 7% das nais e 12 % dos pais non remataron o antigo Graduado Escolar da Educación Xeral Básica (EGB). Indican que só estiveron escolarizados ata o 12 anos. Categoría II
- Unha porcentaxe significativa, tanto no caso das nais como dos pais, ten estudos de graduado en EXB ou estudos da antiga Formación Profesional de Primeiro Grao. Isto concrétase nun 35% no caso dos pais e do 32% no caso das nais. Categoría III
- Unha porcentaxe do 19% das nais e do 16% dos pais ten o título de Graduado en ESO ou Ciclo Medio de F.P. Categoría IV.
- Tendo en conta os datos anteriormente expostos, o 58% das nais ten estudos básicos ou niveis profesionais de Ciclo Medio de F.P. Categorias: II, III e IV. Oolo que respecta aos pais, o 63% ten estudos básicos ou niveis profesionais de Ciclo medio de F.P. Categorias: II, III, e IV.
- Un 21% das nais ten ten estudos equivalentes ao Bacharelato, F.P.2 ou Ciclos Superiores de F.P. Categoría V.
- Un 18% dos pais ten estudos equivalentes ao Bacharelato, F.P.2 ou Ciclos Superiores de F.P. Categoría V.
- Un 17% das nais ten estudos equivalentes ás antigas Dipolomaturas Universitarias. Categoría VI.
- Un 3% dos pais ten estudos equivalentes ás antigas Dipolomaturas Universitarias. Categoría VI.
- Un 7% das nais ten estudos equivalentes ás antigas Licenciaturas Universitarias. Categoría VII.
- Un 5% dos pais ten estudos equivalentes ás antigas Licenciaturas Universitarias. Categoría VII.
- Un 5% do alumnado non achega ningún tipo de dato sobre o nivel de estudos .no caso das nais e un 9% no caso dos pais Categoría VIII.

5. EXPECTATIVAS DO ALUMNADO


5.1. Expectativas alumnado de ESO



5.1.1. Algunhas conclusións sobre as expectativas do alumnado da E. S. O.

- Unha porcentaxe significativa do alumnado que realiza estudos de ESO no centro, o 60%, ten expectativas de realizar estudos de Bacharelato. Deste dato global, un 36% manifesta ter interese por realizar estudos de Bacharelato da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, un 12% mostra interese por realiza estudos de bacharelato da modalidade Ciencias Sociais e Humanidades e outro 12% manifesta ter interese por realizar estudos de bacharelato da modalidade de Artes.
- Unha porcentaxe dun 28% manifesta o seu interese por realizar estudos de Formación Profesional de Grao Medio.
- Un 12% do alumnado non responde a este item. Non ten claras as súas expectativas ou non quere responder.

5.2. Expectativas alumnado de bacharelato.



5.2.1. Algunhas conclusións sobre as expectativas do alumnado do Bacharelato.

- O 70% do alumnado que realiza estudos de Bacharelato indica que as súas expectativas son realizar estudos universitarios de Grao.
- Un 17% do alumnado que cursa estudos de Bacharelato manifesta querer realizar estudos de Formación Profesional..
- Un 13% do alumnado que realiza estudos de bacharelato non manifesta as súas expectativas de estudos post-bacharelato.

ANEXO

(INSTRUMENTO DE MEDIDA EMPREGADO)

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO I.E.S. MENDIÑO

Este cuestionario forma parte dunha investigación deste **DEPARTAMENTO**.
Tódolos cuestionarios son anónimos, e os datos que se solicitan só se utilizarán para
valorar mellor a información dos cuestionarios.

Moitas grazas pola túa colaboración

Datos persoais e familiares. (Risca no cadríño que proceda)

Muller Varón Idade _____ Curso _____ Grupo _____

Centro escolar de Procedencia _____

Localidade _____ Concello _____

Profesión da nai _____ Profesión do Pai _____

Redondea cun círculo o número que proceda co nivel de estudos de cada que:

| | | | | | | | |
|----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Estudos da miña nai | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| Estudos do meu pai | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |

| | |
|---|---|
| Sen estudos | 1 |
| Estudos primarios (ata os 10 – 12 anos)..... | 2 |
| Graduado escolar, FP 1 ou ata os 14 anos..... | 3 |
| Estudos secundarios ESO, ou Ciclo Medio de F.P. | 4 |
| Estudos de Bacharelato, FP 2, Ciclo superior de F.P. | 5 |
| Estudos Universitarios Diplomatura (3 anos) | 6 |
| Licenciatura Universitaria | 7 |

Cando remates a ESO pensas seguir estudando:

- Bacharelato de Artes.
- Bacharelato de Ciencias e tecnoloxía.
- Bacharelato de Humanidades e ciencias sociais.
- Ciclo Medio de F.P.
- Outros estudos (Indica cales) :-----

(Risca no cadríño que corresponda)

Cando remates O Bacharelato pensas seguir estudando:

- Ciclo Superior de F. P.
- Estudos Universitarios de Grao.
- Outros estudos (Indica cales) :-----

(Risca no cadríño que corresponda)

Pon atención, non fales con outras persoas mentres cobres este cuestionario.

Moitas grazas pola túa colaboración